

3.º premio do X Concurso literario Mazarelos (2024)

Daniel Chapela

# Amelia



**Amelia**  
**Daniel Chapela**

*A todas as mulleres e homes que termaron de nós*

Perda rima ben con culpa.

O tempo esgazado, as palabras nunca pronunciadas, a necesidade de nos redimir coa carne putrefacta do morto.

Cando morreches, avó, sentín o peso daquelas tardes de verán non desfrutadas, das vivencias que quedaran esquecidas entre as risas infantís dunha praia con vistas á Illa. O peso do chimpín ao me atropelar, tronzándome como os valos do monte cando ías pola leña.

Despois foi a quenda da avoa, que fora engurrando desde a túa ausencia. A lembranza das tónicas Schweppes e das galletas Fontaneda das tardes de inverno. Isto é bo pró corpo, dicías, mentres te seguías a retorcer cada vez que alzabas o leghón.

Unha foto na eira recolle unha das últimas tardes felices e éncheme a boca de lodo. A testemuña da túa beleza e do meu silencio.

A primeira vez que fun á Universidade sentín todo o teu legado sobre os ombros. Un Atlas resucitado. Foi por iso que aínda hoxe recordo os sucos da túa cara cheos de terra para pagar o futuro da familia.

Hoxe é imposible que toque a terra sen maldicila, lembrando que nela están soterradas as túas ilusións e arraigando o meu futuro.

O día en que te soterramos, unha parte de min acompañoute no ataúde.

*Nin coa mísera desculpa de che mellora-la vida  
escoitarás de min xamais  
unha mentira.*

Xela Arias

Galopando

deixei atrás a túa lembranza.

Naquel lugar da memoria onde gardamos como montar

-ou non-

en bicicleta.

Seime posuidor de ti,

que diante da túa xeografía se activarán os pedais e,

coma o neno que non aprendeu,

irei aos tombos perseguindo a túa imaxe.

O recordo cravouseme na pel coma as espiñas da silveira contra a que me esnafrei.

Anos dous mil.

Unha tarde de outono sopra na porta das casas dos pobres. No interior, o ambiente é de celebración. A chegada ao mundo do primoxénito, quen herdará un reino de flores, tomateiras e nichos con vistas ao mar.

Un álbum familiar comeza a tomar forma, recollendo o paso do tempo. A morte da familia, a desaparición dos seus rostros engurrados entre botellas de Coca-Cola, tortas de améndoas e agasallos infantís.

As fotos avellentan, coma os rituais familiares que nos acolleron.

O recordo é lixeiro,  
o esquecemento é lixeiro.

Por iso sempre marchan voando nunha tarde de outono.

Unha mañá de domingo paseei polos corredores do camposanto, memorizando os nomes dos defuntos. Ía calor e o cheiro a flores descompostas pegóuseme aos cabelos. Sempre pensei que ese era o lugar máis especial do mundo. A referencia na que buscarte.

Ao pasar pola tumba do avó, un murmurio cravóuseme no peito, transportándome a un lugar perdido da infancia.

As gotas de suor esvarando pola fronte,  
o acio relucindo baixo o ollar intenso do sol,  
unha avespa descubrindo lugares da miña anatomía xuvenil.

Unha pinga morada enzoufara o meu queixo, mentres el me pedía que asubiase.

Cando as túas mans rugosas me limparon as manchas da vendima, sentiches a picada da vida entre os dedos. Ese era o prezo dun neto. Dor e ilusión.

O teu silencio é a miña primeira derrota.

*Que la vida iba en serio  
uno lo empieza a comprender más tarde*

Jaime Gil de Biedma

Entendino todo aquela mañá de verán.

A voz cortante,  
o amor implosionando

O corvo da fiestra bateu as ás,  
nunha despedida case definitiva.

Os vosos nomes entrelazáronse nunha especie de comunión perfecta. Nin a morte é quen de romper os designios do Señor. Outro xeito de nos someter.

Pedra,  
verticalidade,  
cadeas,  
morte,  
esquecemento,  
perdón?

Non existe o perdón na casa dos mortos. Tampouco as desculpas.

Só foi así como souben que a vida ía en serio.

Amelia. Nunca te tivemos tan preto como cando o teu nome quebrou aquela comida familiar. O recordo do teu cadáver deambulou pola casa durante días, silenciando cada un dos cuartos. O día en que te pronunciei, unha sempreviva floreceu no xardín.

Amelia sempre me facía prometer que non ía perder os cinco euros que levaba no peto. O prezo dos cartos medíase na intensidade da súa man na miña cando mos daba, naqueles momentos de complicidade con chiscadelas e sorrisos de costas a miña nai.

Un día, as moedas esvararon polo furado do peto entre as gabias da estrada que conectaba o seu amor e a miña inocencia. Hoxe son eu quen aperta con man firme a do meu eu pasado.

Tres velorios,  
un home a nos falar da vida eterna. O pecado orixinal a nos manchar,  
como nos manchabamos nas tardes de millo.  
Lin a Biblia con voz de anuncio de supermercado.  
Un día conteiche que me gustaban os homes.  
Sentira o Levítico a me fermentar as neuronas.  
Sorríches e seguiches co teu corpo encurvado.  
Os camiños do Señor son inescrutables.

Os aeroportos non existen,  
ir para volver, pasar sen estar,  
coma os velorios con cipreses inertes.

A peixeira morreu, igual que morren os nosos amores infantís.

Souben valorar a túa beleza o mesmo día en que partiches as miñas neuronas. Non teremos recordos novos, só un ataúde desfilando entre pregarias eternas.

Luxabamos a roupa naquelas tardes na eira,  
como tamén luxamos o teu recordo coa túa ausencia premeditada.

As fotografías da infancia foron deixando paso á adolescencia e despois aos meus propios fillos. Eles non te coñecerán.

O recordo permanecerá nun lugar inventado do cerebro, coma un arco a piques de romper. A vida é unha arquivolta en tensión.